

## **DOSSIER IV**

# **SOBRE ACTUACIÓN POLICIAIS NOS ACTOS CONVOCADOS EN COMPOSTELA OS DIAS 24 E 25 DE XULLO DE 2011**

-----

### **ANTECEDENTES**

ESCuLcA (Observatório para a Defensa dos Dereitos e Liberdades) ven constatando con preocupación as restricións que na Galiza está a padecer o exercicio do dereito de reunión e manifestación consagrado no artigo 21 da Constitución de 1978. Son varias as Resolucións Administrativas da autoridade governativa que no último ano deron unha interpretación estrita deste dereito de configuración constitucional e dos mínimos requisitos que para o seu exercicio impón a LEI ORGÁNICA 9/1983. Así, ditáronse acordos proibindo concentracións por estas teren sido comunicadas fora de prazo, mesmo no caso en que a causa de urxencia da convocatoria era patente. Son numerosos tamén os expedientes sancionadores incoados nos últimos dous anos ao amparo da lei de seguranza cidadá a participantes en concentracións e manifestacións.

É neste contexto que ESCuLCA, en exercicio das súas finalidades estatutárias, decide emprender un traballo de observación en determinados actos, manifestacións ou reunións celebrados ao longo do país, con a metodoloxía que mais adiante se detallará, para comprobar se se observa o escrupuloso respecto ao dereito constitucional que plasma unha das formas de participación directa da cidadanía no exercicio da acción política. Neste mesmo contexto, e con o propósito de documentar as irregularidades que



eventualmente viñeren a producir-se para poder dar conta delas, EsCULcA decide elaborar en cada caso un relatório que recolla todas as incidencias observadas directamente e incorporar en apéndice aqueloutras, anteriores ou posteriores ao desenvolvemento do acto en si, de que tiver constancia documentada. Fruto deste traballo son os relatórios e dossiers referidos às concentracións de protesta pola visita do Xefe do Estado Vaticano a Compostela en decembro de 2010, à Marcha ao C.P. de Teixeira celebrada no mes de xaneiro de 2011 e ao desenvolvemento da xornada de folga xeral do 27 de xaneiro do presente ano. Documentos que foron enviados posteriormente aos portavoces dos tres grupos do Parlamento Galego, ao Valedor do Pobo, à oficina do *Defensor del Pueblo* así como a organismos e observatórios europeos, deputados galegos no Congreso e no Parlamento Europeo e medios de comunicación social.

Como é costume, neste relatório consignan-se separadamente aqueles feitos que as equipas de observación constararon *de visu* e aqueloutros de que tivo constancia através doutras fontes.

## **MANIFESTACIÓNS E REUNIÓNS DOS DIAS 24 e 25 de XULLO**

Os antecedentes de anos anteriores, en que o normal desenvolvemento de actos convocados para celebrar o Día da Patria en Compostela se viu alterado por un desproporcionado controle policial e frecuentes cargas e detencións, así como os precedentes mais inmediatos con actuacións da autoridade municipal da cidade por meio de denegación de licenzas no ámbito das súas competencias de xestión do uso do espazo público, determinaron situacións de tensión prévia às celebracións dos actos do 24-25 xullo que aconsellaban a presenza das equipas de observación de EsCULcA.

-----

## **RELATÓRIO ELABORADO A PARTIR DOS INFORMES DAS EQUIPAS DE OBSERVACIÓN**

### **1.- Metodoloxia**

As equipas de observación de ESCULCA son formadas por varias persoas que exhiben como identificación en lugar ben visíbel o logo do observatorio, o que as diferencia das persoas que exercen o dereito de manifestación. Non constitúen servizo de seguranza nen prestan asesoramento xurídico, con diferenza ao que fan os membros dos chamados *legal teams* que actúan noutros países europeos.

A súa participación como observadores é comunicada con carácter previo à autoridade governativa. En relación con o traballo de observación que se decidira desenvolver os días 24-25 de xullo en Compostela, a comunicación foi realizada à Delegación de Goberno o día 21.07.2011 mediante escrito en que se identificaban os actos en que estarían presentes as equipas. (Anexo II).

Dada a coincidencia temporal dalguns dos actos convocados, foron constituídas dúas equipas de observación independentes. Cada un deses grupos foi coordinado por unha persoa advogada en exercicio que, previamente ao inicio do acto, se apresentou en todos os casos ao xefe do operativo policial, exhibindo copia da comunicación formulada à Delegación de Goberno e explicando os motivos da nosa presenza no lugar.

A seguir acompañou-se o desenvolvemento do acto, con especial atención à actuación policial así como à observancia da INSTRUCIÓN 13/2007 da SECRETARIA DE ESTADO DE SEGURANZA, relativa ao uso do número de identificación persoal dos membros das forzas e corpos de seguranza e a proporcionalidade das súas actuacións, nomeadamente, caso se produciren, detencións ou cargas.

### **2.- Actuacións policiais o 24 de Xullo**

#### **❖ 20.00 HORAS. CADEA HUMANA**

Na praza de Galiza, às 20.00 horas, estaba convocada a *Cadeia Humana pola Liberdade dos Presos Independentistas*. A esa hora, entre 250 e 300 persoas, tomadas das maos, circundaron o perímetro da praza e máis tarde iniciaron unha marcha, formando unha cadea humana que desfilou polo casco vello da cidade até a Praza Porta do Camiño.



O acto desenvolveu-se sen incidencias relevantes.

Da actuación policial destacamos, como vai ser comun neste relatório, que numerosos axentes do UIP non respeitaban a Instrución 13/2007 da Secretaria de Estado de Seguranza. Esta instrución impón a obriga aos membros uniformados da policía, incluídas as UNIDADES DE INTERVENCIÓN POLICIAL, de portar sobre as súas prendas de uniformidade o número de identidade do Carnet Profesional ou Cartón de identidade profesional. Deve levar-se en lugar ben visíbel e en tamaño que poda ser lido por calquer persoa a distancia de 1,20 mts.

Xa nesta primeira concentración, observamos un elevado incumprimento desta Instrución.

Un número considerábel dos axentes antidistúrbios ali presentes non levava a placa con o seu número de carnet profesional. A maior parte deles exhibían o número de grupo de UIP ao que pertencen, mais non a placa ou chapa metálica con o número de identificación profesional.

Outros moitos axentes, ao se aproximaren os membros das equipas de observación, adoptaban a posición de cruzar os brazos sobre o peito, cobrindo con maos e brazos o lugar onde debe estar a placa identificativa. Esta actuación contraria a xa citada instrución 13/2007, dado que a posibilidade de identificar os axentes actuantes configura-se como o dereito a identificar en todo, e sen nengunha atitude positiva de demanda, os efectivos que presten servizo.

Mesmo no caso de o levaren, os axentes que cobrían con os brazos a zona en que deben exhibir o número de identificación terían incumplido a instrución 13/2007, porque para ver o número tería sido precisa unha actuación positiva, estando obrigada a persoa interesada en realizar esa identificación a pedir que deixasen visíbel a placa metálica identificativa. A título meramente exemplificativo, dos catro axentes que estaban situados na porta da entidade *El Correo Gallego*, só un deles portava a identificación de forma visíbel.

Hai que asinalar que a marcha foi sobrevoada ao longo de todo o percorrido por un helicóptero.

A equipa de EsCULcA constata o incumprimento xeneralizado pola policía anti-distúrbios da Instrución 13/2007 neste acto.

## ❖ **22.00 HORAS. PRAZA DE MAZARELOS. RONDALLA**

Para as 22.00 horas, na Praza de Mazarelos, estaba previsto o inicio do acto *Rondalha com a bandeira* que havia de percorrer as ruas do casco histórico de Compostela. À hora de inicio só estaban no lugar a equipa de observación de EsCULCA (cinco persoas) e a dotación policial. A coordinadora fixo notar à forza policial a presenza do grupo e o seu propósito. Xa entón os membros da equipa observaron que nengun dos axentes actuantes levava visíbel sobre o uniforme o número de identificación, incumprindo-se tamén neste caso a Instrución 13/2007.

Uns cinco minutos despois da chegada da dotación policial, aproximou-se da estátua situada no centro da Praza Mazarelos un grupo de homes e mulleres (non mais de sete en total). Non portaban bandeiras, faixas ou outros símbolos que pudesen facer pensar que estaban ali para responder à convocatória de un acto de significado político. Porén, tres axentes procederon a identificar todas as persoas que formaban o grupo e, cando un delas perguntou cal era o motivo desta actuación discriminatória facendo notar que havia outras persoas na praza que non eran identificadas, o axente respondeu que estaba traballando (dando a entender que non podía ser incomodado). Unha das persoas identificadas dirixiu-se ao que parecía ser o xefe do operativo para lle facer notar que os axentes non levaban à vista a placa de identificación e el, por toda resposta, ofreceu-se a mostrar-lle a súa.

Volta ser patente o incumprimento da Instrución 13/2007 dado que tivo de existir demanda explícita para conseguir identificar un (só un) dos axentes do dispositivo.

A equipa de EsCULCA constatou que se produciu unha identificación non motivada das persoas que padeceron a dilixencia policial así como o absoluto incumprimento por parte da policía antidisturbios da Instrución 13/2007

## ❖ **22.00 HORAS PORTA FAXEIRA.- MANIFESTACIÓN**

Outra das equipas de observación de EsCULCA estaba às 22.00 horas na Porta Faxeira a fin de observar o desenvolvemento do acto



convocado pola entidade BRIGA. O coordinador do grupo identificouse perante o responsábel do operativo policial, quen lle advertiu à sua vez que o acto fora prohibido e a proibición comunicada ao colectivo convocante. O coordinador de EsCULcA fixo notar ao axente policial que a equipa non asumía funcións de asesoramento e os seus membros actuaban simplemente como observadores.

Nese momento, reuniu-se na Porta Faxeira un grupo de aproximadamente dez persoas que portaban bandeiras e símbolos da organización convocante. O grupo policial procedeu a identificar varias delas e advertiu-lles que non podían acceder ao Casco Histórico e devían abandonar a zona. Unha das persoas congregadas dixo non entender as razóns desta esixencia porque non estaban manifestando-se. A esta observación, o mando policial respondeu que "A la segunda" procedería à sua detención.

Logo a seguir esta troca de frases, e como as persoas congregadas non abandonaban o lugar, o mando policial empurrou agresivamente un dos membros do grupo ao tempo que un axente tentou arrebatarse a outro, sen o conseguir, o símbolo que este levava na mao. Nese momento produciu-se unha carga en que participaron todos os membros do dispositivo anti-distúrbios presentes no lugar encabezados polo propio mando. Utilizaron defensas de goma, con as que bateron en varias das persoas congregadas, incluído un individuo que os axentes mantiñan agarrado e que finalmente conseguiu safar-se e abandonar a zona a correr. Nesa altura, os axentes deste dispositivo e doutras dotacións que permanecían nas inmediacións preparadas para actuar, iniciaron a persecución das persoas que fuxían da carga.

Ainda que o xefe do operativo policial cumpria o deber de identificación, ao igual que nos casos citados anteriormente tamén agora a maior parte dos axentes actuantes non portava a placa identificativa à vista e algun dos que si a levava, antes de comezar a carga procurava ocultá-la con os brazos.

Constata-se novamente incumprimento da Instrución 13/2007.

Constata-se igualmente falta de proporcionalidade na actuación policial. Dado o reducido número de persoas presentes e a ausencia de calquer xesto agresivo, tanto o uso reiterado de defensas de goma para bater nas persoas congregadas como as dimensións da carga

resultan a todas luces excesivas e faltas de calquer xustificación. Neste sentido, cumpre salientar que as mencionadas actuacións incumpren o previsto no art. 5.2 L.O. 2/1986 sobre uso da forza policial, e os requisitos de necesidade e proporcionalidade que establece ao efecto a xurisprudéncia. Deven ser portanto entendidas como actuacións carentes de cobertura legal.

### **3. Actuacións policiais o 25 de xullo**

#### **❖ 12.30 HORAS ENTRADA DA ALAMEDA. MANIFESTACIÓN**

Convocada pola entidade *Causa Galiza*, às 12:30 estaba previsto que partise unha manifestación da entrada da Alameda.

O coordinador da equipa de observación de ESCuLcA identificou-se ao mando policial. A marcha tivo carácter pacífico e nela participaron numerosos nenos e nenas. Durante todo o percorrido a marcha foi precedida e flanqueada a esquerda e dereita por axentes da UIP.

Como nos casos anteriores, a maior parte dos axentes actuantes incumpria a Instrución 13/2007.

Un helicóptero sobrevoou a manifestación até a súa finalización na Praza do Toural.

#### **❖ 13.00 HORAS ENTRADA DA ALAMEDA. MANIFESTACIÓN**

Convocada pola entidade *Nós-UP*, às 13:00 horas estaba previsto que partise unha manifestación da entrada da Alameda.

Ao igual que a anterior, a marcha, de carácter pacífico, foi flanqueada a esquerda e dereita por axentes da UIP.

Mais unha vez constatou-se que os axentes actuantes incumprian a Instrución 13/2007.

Como en casos anteriores, tamén esta marcha foi sobrevoada durante todo o percorrido por un helicóptero.

## **5.-CONCLUSIÓNS**

Da observación directa realizada por EsCULcA durante a noite do 24 de xullo e a mañá do día 25 de xullo poden tirar-se as seguintes conclusións:

- ❖ Incumprimento xeneralizado pola policía anti-distúrbios da Instrución 13/2007.
  - ❖ Falta de fundamento da dilixencia de identificación practicada na Praza de Mazarelos a varias persoas por volta das 22.00 horas do 24 de xullo.
  - ❖ Carácter excesivo e desproporcionado da actuación policial (carga e pancadas reiteradas con defensas de goma) ao reducido grupo de persoas congregadas na Porta Faxeira às 22.00 horas do 24 de xullo. Non se constatou actuación previa ilegal, perigosa para orde pública e, muito menos, agresiva para con algunha persoa, que pudesese eventualmente fundamentar esa actuación policial.
- 
-



## APÉNDICE I:

### FEITOS DE QUE TIVO CONSTÂNCIA ESTE OBSERVATÓRIO E NON FORON OBXECTO DE OBSERVACIÓN DIRECTA

#### DIA 24

- ❖ Ao longo da tarde, en diferentes lugares de Compostela, foron identificadas varias persoas que colocaban cartazes en que se anunciava a suspensión do concerto que estaba previsto celebrar a noite do 24 no Parque de Belvis (cancelado por prohibición municipal).
- ❖ 21:20: Nas inmediacións do local social Henriqueta Outeiro (Rua Quiroga Palácios) foron identificadas unhas 20 persoas por axentes de dúas furgonetas situadas a ambos os lados da entrada do local. Os axentes negaron-se a explicar as razóns desta actuación e exortaron-as persoas identificadas a non se achegaren à Porta Faxeira onde estaba convocada unha manifestación.
- ❖ En torno às 22:30 foron detidos na Rua Loureiro por axentes da Policía Nacional S.U.A. e B.H.T., este último acusado de lles ter atirado unha botella, feito que el nega. S.U.A. fora identificado na porta do local Henriqueta Outeiro.

#### DIA 25

- ❖ **Estación de autocarros.** Pouco despois de meia-noite, 3 xovens que camiñaban pola zona de San Caetano foron subitamente interceptados por dous furgóns da policía anti-distúrbios. Vendo que os axentes saían do vehículo à carga, os xovens botaron a correr. Un deles (X.R.B.) detivo-se e puxo as maos en alto para evitar ser agredido mais o seu xesto non conseguiu impedir que os axentes batesen nel (tres pancadas). Despois de os axentes o obrigaren a deitar-se no chao e colocar as maos nas costas como se pretendesen alxamá-lo (cousa que non fixeron), un deles pisou-lle a nuca presionando con a bota sen atender as queixas de X.R.B., que afirmava sentir-se mareado. Finalmente, os axentes abandonaron o lugar sen o identificar nen requisar material de nengun tipo. Ao marcharen, o xoven, aínda mareado, caiu polas escadas. Posteriormente foi atendido no Hospital Clínico de Compostela, onde se lle detectou unha lesión de contratura cervical.



Outro mozo, R.P.G., foi alcanzado e detido polos axentes, que o acusaron de estar relacionado con a queima de un caixeiro de Caixa Galicia na rua Basquiños (o que el nega). Posteriormente, na mochila de R.P.G. apareceron catro pedras manchadas de terra que el non metera e vira nas mans dos axentes no momento de producir-se a detención.

- ❖ **Praza do Obradoiro:** várias persoas foron impedidas de entrar na praza portando bandeiras. Os axentes responderon às queixas suscitadas pola proibición alegando razóns de seguranza. Un deles instou as persoas que expresaban a súa indignación a enviar "*una carta al delegado del Gobierno*" na Galiza -Miguel cortizo- se querían máis explicacións. Às 14:00 levantou-se a proibición.

**Á/A SR. DELEGADO DO GOVERNO EN GALIZA**

Yolanda Ferreiro Novo, con documento de identidade nº 32.823.661-Q, e con enderezo a efectos de notificación en Rúa San Andrés 106, 2º, 15003, A Coruña, en nome da asociación *Esculca. Observatorio para os Dereitos e Liberdades*,

**DI:**

1. Que a devandita asociación, vai poñer en marcha un equipo de observadores, orientado a contribuír ao respecto dos dereitos fundamentais das persoas asistentes os actos que se celebre e, especificamente, á observación do desenvolvemento das reunións e, no seu caso, ao asesoramento xurídico necesario. A continuación especificasen os lugares e horas dos actos nos que se desenrolará a actividade de observación:
  - 24 de xullo.
    - 20:00 horas na Praza de Galiza.
    - 22:00 horas na Praza de Maçarelos.
    - 22:00 horas na Alameda.
  - 25 de xullo.
    - 12:30 na Alameda e na Praza do Toural.
    - 13:00 horas na Alameda.
2. Que tal equipo de observación, composto, entre outras persoas, por profesionais xurídicos, depende da asociación *Esculca* e, en tal medida, é autónomo en relación aos convocantes de calquera dos actos a celebrar a noite do 24 e o 25 de xullo, co cobxecto da celebración do día da Patria.
3. Que, sen prexuízo do antedito, o equipo de observación incardina o seu funcionamento no marco das medidas en caso de reunións e manifestacións mencionadas nos arts. 4.2, 9.1.e L.O. 9/1983, de 15/VII, *reguladora do Dereito de Reunión*.
4. Que o equipo de observación confórma-se, entre outros motivos que fundamentan o seu actuar, en atención ás circunstancias acontecidas nos anos anteriores, sucesos que fan perentoria a tutela dos dereitos e liberdades das persoas asistentes a estes actos.
5. Que, alén de todo o apuntado, o equipo de observación orienta o seu actuar de conformidade cos diversos *legal teams* postos en marcha por asociacións de defensa dos dereitos fundamentais ao longo da última década con ocasión de manifestacións, marchas e



concentracións, nunha pluralidade de países europeos, e recoñecidos polas autoridades correspondentes.

6. Que manifesta todo iso aos efectos do mellor acomodo ao previsto na L.O. 9/1983.

A eses efectos, asína-se a presente en Santiago de Compostela, a 21 de xullo de 2011.

Asdo.: Yolanda Ferreiro Novo.  
Esculca, Observatório para a Defensa dos Dereitos e Liberdades

